



O mércores 28 de abril saíron publicadas as notas provisionais da OPE 2009 na categoría de médicos de familia. Podedes consultalas neste artigo ou na páxina web do SERGAS.



Os primeiros que aparecen por puntos son os de promoción interna (P), que son os primeiros, independentemente da nota.

Resolución do 20 de abril de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se fan públicos o acordos do tribunal que xulga o proceso selectivo para o ingreso na categoría de médico de familia de atención primaria do persoal estatuario do Servizo Galego de Saúde, relativo á baremación provisional da fase de concurso

O número 5 da base sexta B) das diversas resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 11 de decembro de 2008 (DOG nº 247, do 22 de decembro) polas que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatuario do Servizo Galego de Saúde, dispón que, realizada polo tribunal a baremación correspondente da

fase de concurso, se publicará no Diario Oficial de Galicia con indicación da puntuación obtida por epígrafes, así como a valoración total da fase de concurso, para os efectos de que os aspirantes que o consideren oportuno poidan presentar reclamación ante o propio tribunal, por tanto, este centro directivo

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar as puntuacións obtidas polos aspirantes da categoría de médico de familia de atención primaria do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, do proceso selectivo convocado pola resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 11 de decembro de 2008 (DOG nº 247, do 22 de decembro), nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na súa páxina web www.sergas.es. relativas á baremación provisional da fase de concurso nas distintas epígrafes e a valoración total, indicando ademais, se é o caso, a relación de aspirantes excluídos da fase de concurso por non teren presentado a documentación requirida ou por non cumprir os requisitos da convocatoria.

Segundo.-Abrir o prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, para que os interesados poidan presentar, de ser o caso, reclamación contra a puntuación outorgada nesta baremación, dirixida expresamente á Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2010.

Notas por puntuación: 

Notas por apelidos: 

